ARQUIVO DO PATRIMONIO ORAL DA IDENTIDADE
APOI
Museo do Pobo Galego
instituto de estudos das identidades

19 - R. VI - Sobor os oficios.

403. 1) Os xastres qu'andan cosendo (16) I 466
na casa dos labradores, II 54
dos triscos que van facendo
sempre ghardan os millores.

Ordes IV, 2, Boado, Antonio 71 anos

CD 12, 19

- R. VI - Sabor os oficios.

IV,2,407. 2) Pra botarll'o pantalón
de vez en cando unha peza,
que o rompen de contado
d'estar sentados na mesa.

409. 3) Levánlles pano pa òn traxe
anque lles sobra unha vara,
cando o van a entreghar
sempre din: Non sobrou nada.

412. 4) Os canteiros cando andan
axustados ó xornal,
inda che fan mais a maula
ca ningún outro oficial.

414. 5) E cando saben que vén
o encarghado a mirar
danll'ôs picos de demonio
pra que os sinta petar-e.

417. 6) O outro vaise conforme
con verlles ergue-los brazos,
encanto que dá a volta
volven quedar desmaiados.

419. 7) Os comerciantes de pano
sempre din que dan demais,
de cada vara que miden
mudan o dedo pa tras.

422. 8) Os carpinteiros cando andan
en algún choio axustado,
and'ô demo ca madeira
par'acabar de contado.

425. 9) Pero s'andan ó xornal
qu'o amo teña contentos,
todo-los tacos lle sirven
pa gardar clavos e tempo.

DO PATRIMONIO ARQUIVO A P O I ORAL DA IDENTIDADE
Museo do Pobo Galego
instituto de estudos das identidades

Ordes IV, 2, Boado, Antonio 71 anos

CD 12, 19

IV,2,428. 71) Compran a cabra pa festa, I 104 q
ahora teñena gardada, I 335
van a traer ó castrón
porque non lles cobran nada.

431. 72) Ehí che vai a despedida
hox'aquí non boto outra
os señores que m'a oian
d'hox'un ano m'oian outra. VI 179 a

*Audio de procedencia: MPG_SchSa_0012_019-01_en_Ordes_IV_2_403*